

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

RESOLUCIÓN do 25 de febreiro de 2022 pola que se publica a concesión dos premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2020/21 en centros públicos de Galicia, convocados pola Orde do 25 de novembro de 2021 (Diario Oficial de Galicia do 9 de decembro).

A Orde do 25 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2020/21 en centros públicos de Galicia establece, no seu artigo 14, que unha vez efectuada a selección, a comisión avaliadora elevará, a través da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, un informe-proposta ao conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, para a adxudicación dos premios mediante a correspondente resolución para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez publicada a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas nos premios fin de carreira, resolta a reclamación presentada e vista a acta coa proposta definitiva da comisión avaliadora de adxudicación dos premios fin de carreira, e por proposta do secretario xeral de Educación e Formación Profesional,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia, para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2020/21 en centros públicos de Galicia, ao alumnado que figura no anexo I desta resolución.

Segundo. Publicar no anexo II a listaxe das persoas que non obtiveron premio fin de carreira segundo as bases reguladoras da Orde do 25 de novembro de 2021.

Terceiro. Contra esta resolución de adxudicación de premios, que esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado a partir do



día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, segundo o previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade
P.D. (Orde do 9.2.2021)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

ANEXO I

Listaxe das persoas beneficiarias dos premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia e contía

Modalidade de Música

Nº solicitude	Apelidos e nome	Centro educativo	Contía
2022/22121	Fernández Gil, Miguel Antonio	CMUS Superior da Coruña	3.500 €
2022/41385	Quiza Martínez, Borja	CMUS Superior da Coruña	3.500 €

Modalidade de Deseño

Nº solicitude	Apelidos e nome	Centro educativo	Contía
2021/2967699	Iglesias Rodríguez, Zeltia	EASD Antonio Faílde	3.500 €
2022/7758	Andión Marchena, Patricia	EASD Ramón Falcón	3.500 €

Modalidade de Arte Dramática

Nº solicitude	Apelidos e nome	Centro educativo	Contía
2021/2899943	Fernández Pombo, Brais	ESAD de Galicia	3.500 €

Modalidade de Conservación e Restauración de Bens Culturais

Nº solicitude	Apelidos e nome	Centro educativo	Contía
2022/717	Prego Torres, Andrea	ESCRBC de Galicia	3.500 €



ANEXO II

Listaxe das persoas que non obtiveron premio fin de carreira con base no establecido na Orde do 25 de novembro de 2021**Modalidade de Música**

Nº solicitude	Apelidos e nome	Centro educativo
2022/22214	Cortiñas Lorenzo, Betty	CMUS Superior de Vigo
2021/2907068	Fernández Lestayoy, Eva	CMUS Superior de Vigo
2021/2944231	Keilin Keilin, Gregorio	CMUS Superior da Coruña
2022/33234	Martínez Rodríguez, Irene	CMUS Superior da Coruña
2021/2935313	Rodríguez González, Raúl	CMUS Superior de Vigo
2021/2904396	Tojeiro Pérez, Laura	CMUS Superior da Coruña
2022/30883	Villarroel Peralta, Julia Fernanda	CMUS Superior de Vigo

Modalidade de Deseño

Nº solicitude	Apelidos e nome	Centro educativo
2021/2995618	Alonso Sarmiento, Yolanda	EASD Pablo Picasso
2021/2967694	Álvarez Mercador, Andrés	EASD Ramón Falcón
2021/2920258	Aravena Costa, Mariana Alejandra	EASD Antonio Faílde
2021/2984319	Rodríguez Ramón, Estefanía	EASD Mestre Mateo
2022/627	Torrado Pazos, Marta	EASD Ramón Falcón
2021/2964975	Torres Pereira, Javier	EASD Mestre Mateo

